



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 10 de xullo de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Outeiro de Rei. (expediente IN407A 2020-27AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Concello de Outeiro de Rei
- Denominación: "SUMINISTRO ELECTRICO A CIRCUITO OUTEIRO DE REI"
- Situación: concello de Outeiro de Rei
- Características técnicas:
 - Liña aérea de Media tensión a 20Kv a CT Palloza (4849), con orixe na LMT existente Rábade 2 tramo dirección CT C. de Fútbol (12811) e final na LMT existente derivación CT Palloza (4849), cunha lonxitude de 35 metros en condutor tipo LA-56.
 - Liña soterrada de Media tensión a 20Kv a CT proxectado Urbanización Palloza, con orixe na LMT existente Rábade 2 tramo dirección CT C. de Fútbol (12811) e final no CT proxectado Urbanización Palloza, cunha lonxitude de 620 metros en condutor tipo RHZ1-150mm.
 - Centro de Transformación prefabricado Urbanización Palloza, cunha potencia máxima admisible de 630KVA e unha potencia inicial de 630Kva, no cal se instala unha cela de liña e unha de protección, relación de transformación 20.000/400-230V.
 - Liña soterrada de baixa tensión con orixe no cadro de baixa tensión do CT Urbanización Palloza proxectado e final na RBT área proxectada, cunha lonxitude de 25 metros en condutor RV-240.
 - Liña aérea de baixa tensión con orixe na RBT soterrada proxectada, cunha lonxitude de 500 metros en condutor RZ-150 e 7 metros en RZ-50.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 10 de xullo de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 1518

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 13 de xullo de 2020, apróbase a Convocatoria e as Bases Específicas para a selección de persoal temporal de 1 “Operario de servizos múltiples” e creación dunha listaxe de emprego temporal (PROGRAMA: FOMENTO DE EMPREGO 2019)

CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder á provisión, con carácter provisional, do seguinte emprego no Concello de Alfoz.

Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Operario de Servizos Múltiples”:

- **Nº empregos:** 1.
- **Denominación:** Operario de Servizos Múltiples – Programa Fomento de Emprego 2019
- **Réxime Xurídico:** Funcionario interino (art. 10.1.c/ EBEP).
- **Clasificación:** Grupo de Agrupacións profesionais (A.P.).
- **Duración vínculo de servizo:** Dende a data de sinatura de formalización do contrato ata o 30/09/2020.
- **Duración xornada:** Xornada a tempo completo (100%)

Listaxe de emprego temporal para a praza de “Operario de Servizos Múltiples”

- **Modalidade da listaxe:** Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellodealfoz.com).

Prazo de presentación: Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Lugar de presentación: Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN PARA CUBRIR UN EMPREGO DE “OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES”, FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.c/ EBEP), A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA PRESTAR SERVICIOS NO CONCELLO DE ALFOZ (PROGRAMA: FOMENTO DO EMPREGO 2019) E CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases específicas, que complementan as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal para prestar servizos no concello de Alfoz publicadas no BOP de Lugo de data 23 de novembro de 2017, a regulación do procedemento de selección mediante sistema de concurso-oposición de dous postos de “OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES” a xornada completa ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego 2019 de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, publicado no BOP de Lugo de data 2 de marzo de 2019.

2. DENOMINACIÓN DOS EMPREGOS E CARÁCTERÍSTICAS:

- **DENOMINACIÓN:** OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES.
- **NÚMERO DE EMPREGOS:** 1
- **Grupo/subgrupo Profesional:** aGRUPACIÓNS PROFESIONAIS (A.P.).
- **Réxime Xurídico:** Funcionarial (funcionario interino do artigo 10.1.c/ “*execución de programas de carácter temporal*” do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- **DURACIÓN DO VÍNCULO de servizo:** dende a data de sinatura da formalización do contrato ata o 30 de setembro de 2020.

- **tempo Xornada:** A tempo completo.
- **cometido funcional:** Consistirá na realización de tarefas de limpeza e mantemento de edificios municipais, zonas verdes, vías públicas e beirarrúas, recollida de residuos para levar ao punto limpo e apoio no servizo de abastecemento de auga potable.

3.- RETRIBUCIÓN: Soldo correspondente as Agrupacións Profesionais (A.P.), nivel complemento de destino 14 e complemento específico 48,74 €/mes. (Dúas pagas extras ou, se é o caso, a parte proporcional correspondente).

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais:

- **Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo:** Certificado de estudos primarios ou equivalente.

b) Específicos:

- **Carné de conducir “B” en vigor.**
- **Estar inscrito na Oficina de Emprego** en situación de desemprego ou de mellora de emprego para o caso en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada, que deberá acreditarse con certificación da Oficina de Emprego e/ou cun informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: **CELGA 1** ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

5. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN.

5.1. FASE DE OPOSICIÓN.

- a) Proba de coñecementos xerais e específicos. Obrigatoria e eliminatoria

A proba a realizar na fase de oposición consistirá nun exame práctico para comprobar o manexo de vehículos e/ou ferramentas que se van a utilizar. Valoraranse os sistemas de seguridade empregados e a destreza.

- O tribunal determinará o tempo para a realización da proba.
- Esta proba é obrigatoria e eliminatoria.
- Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

5.2. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 14 puntos).

Criterios xerais para todos os apartados do baremo:

- Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean debidamente acreditados.
- Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións sinaladas do emprego convocado.

5.2.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 8 puntos).

Criterios xerais:

- O cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.
- A experiencia nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público puntuarase se a relación de servizos é funcional, laboral ou, se é o caso, autónoma.
- No suposto de ser autónomo a puntuación realizarase segundo o tempo certificado polas Administracións Públicas ou polas Entidades do Sector Público que corresponda.
- A puntuación da experiencia profesional en entidades privadas realizarase en atención a denominación dos servizos prestados que figuren no contrato de traballo ou na nómina.

Criterios de puntuación:

a) Experiencia profesional nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público.

- Desempeño nas mesmas prazas/postos/empregos que se convoca: Valorarase a razón de 0,18 puntos por cada 30 días de traballo.

- Desempeño da prazas/postos/empregos con funcións similares: Valorarase a razón de 0,10 puntos por cada 30 días de traballo.

b) Experiencia profesional en Entidades Privadas.

- Desempeño do mesmo posto/emprego: Valorarase a razón de 0,12 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño de postos/empregos similares: Valorarase a razón de 0,07 puntos por cada 30 días de traballo.

5.2.2. Carné de conducir

- Por ser titular do carné de conducir “C” e telo en vigor: 2 puntos.

5.2.3. Formación Complementaria (puntuación máxima 4 puntos).

Criterios xerais:

- So se valorarán os cursos convocados, impartidos ou homologados pola Administración Pública.
- Non se puntuarán as materias que formen parte dunha titulación académica, nin de masters propios.
- Non se puntuarán as accións formativas que non acreditan as horas de duración.

Criterios de Puntuación:

- Cursos, xornadas, seminarios, congresos, masters propios e similares:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,015
Aproveitamento.	0,025

6.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

“[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado nos requisitos deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

7. REQUISITO PREVIO Á CONTRATACIÓN.

Conforme ao artigo 8.1 das Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2019, publicadas no BOP de Lugo número 52 do día 2 de marzo de 2019, no programa de Fomento de Emprego, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada, quedando excluídos os custos de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

A persoa que sexa proposta para este posto de “Operario de Servizos Múltiples”, deberá presentar, ademais da documentación especificada nas bases xerais, a seguinte documentación:

- Certificación da Oficina de Emprego onde se acredite que está desempregado ou en mellora de emprego.
- Informe de vida laboral actualizado que acredite que a súa xornada de traballo actual é igual ou inferior ao 50% da xornada.

8. CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL ESPECÍFICA.

A finalidade desta listaxe de emprego é atender as necesidades futuras de persoal temporal derivadas da propia convocatoria.

A listaxe de emprego temporal estará integrada polas persoas que superaron o proceso selectivo, pero non resultaron seleccionadas, ordenadas de maneira decrecente polas puntuacións obtidas.

A regulación desta listaxe está recollida nas Bases Xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter provisional ou temporal, para prestar servizos ao Concello de Alfoz, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 16 de novembro de 2017 e publicada no BOP número 269 de 23 de novembro de 2017.

Alfoz, 13 de xullo de 2020.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1519

COSPEITO

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL 2019

Formada e rendida a Conta Xeral correspondente ao orzamento 2019, e informada pola Comisión Especial de Contas na súa sesión celebrada o 9 de xullo de 2020, exponse ó público cos documentos que se xustifican, na Secretaría desta Corporación, durante quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, durante os cales, e oito (8) máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 121.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e demais disposicións concordantes.

Cospeito, 10 de xullo de 2020.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1521

FOZ

Anuncio

Concello de Foz. Aprobación inicial Modificación de Créditos 10/2020, Modalidad "Suplemento de crédito 01/2020".

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 4 de xuño do 2020, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 01/2020.

Pasado o período de exposición pública e por non existir reclamacións, publícase definitivamente, cos datos que se recollen na contabilidade do Concello de Foz a día de hoxe:

ESTADO DE GASTOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSOAL	3.196.541,27€
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZO	3.349.963,89 €
3	GASTOS FINANCEIROS	6.450,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	375.837,95 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0.00 €
6	INVESTIMENTOS REAIS	572.911,22 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	800,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	410.064,13 €
TOTAL GASTOS		7.912.568,46 €

ESTADO DE INGRESOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.359.948,48 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	-150.000,00 €
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.527.592,52€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.943.997,54 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	501.000,00 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	349.016,81 €
C) OPERACIÓNS FINANCIEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	1.212.299,41 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
TOTAL INGRESOS		9.743.854,76€

Foz, 13 de xullo de 2020, O alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 1522

Anuncio

Concello de Foz. Aprobación inicial Modificación de Créditos 11/2020, Modalidad "Suplemento de crédito 02/2020".

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 4 de xuño do 2020, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 02/2020.

Pasado o período de exposición pública e por non existir reclamacións, publícase definitivamente, cos datos que se recollen na contabilidade do Concello de Foz a día de hoxe:

ESTADO DE GASTOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSOAL	3.196.541,27€
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZO	3.854.695,94 €
3	GASTOS FINANCEIROS	6.450,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	401.090,61 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0.00 €
6	INVESTIMENTOS REAIS	675.509,67 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	3.058,12 €

8	ACTIVOS FINANCEIROS	800,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	410.064,13 €
TOTAL GASTOS		8.548.209,74 €

ESTADO DE INGRESOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.359.948,48 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	-150.000,00 €
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.527.592,52€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.943.997,54 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	501.000,00 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	349.016,81 €
C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	1.212.299,41 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
TOTAL INGRESOS		9.743.854,76€

Foz, 13 de xullo de 2020, O alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 1523

LOURENZÁ

Anuncio

O Pleno do Concello de Lourenzá na sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de maio do 2020 acordou aprobar inicialmente a "MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚM. 7 E 9 REGULADORAS DAS TAXAS pola prestación de servizo de RECOLLIDA DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS e pola UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VÓ DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, respectivamente.

Ditas modificacións foron expostas ó publico polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncio no BOP. Núm.122 de data 29/05/20, sen que durante dito prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto das ordenanzas que se transcriben a continuación:

PRIMEIRO.-A modificación da Ordenanza Fiscal núm.7, Reguladora da Taxa pola prestación de servizo de RECOLLIDA DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, introducindo as Disposicións Adicionais Primeira, Segunda e Terceira co seguinte texto literal:

a) "DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia.

O Alcalde-sa será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existan concesións ou contratos de servizos, comunicárase ás empresas adxudicatarias para que non efectúen a facturación, asumindo o pago o concello, en concepto de subvención, co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

b)DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- En consonancia coa Disposición Adicional Primeira, durante o presente ano 2020, aquelas persoas físicas ou xurídicas así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas e cúa actividade desenvolvida se vira afectada polo peche do seu establecemento en virtude do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de medidas para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, quedarán exentos do pago do SEGUNDO TRIMESTRE da taxa pola prestación do Servizo de Recollida de Lixo e Residuos Sólidos Urbanos.

c)DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.-Durante o presente ano 2020, aquelas persoas físicas ou xurídicas así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas e cúa actividade desenvolvida se vira afectada polo peche do seu establecemento en virtude do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de medidas para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, terán unha bonificación do 80% nos importes correspondente da Taxa pola prestación do servizo de Recollida de Lixo e Residuos Sólidos Urbanos e para os períodos do TERCEIRO E CARTO TRIMESTRE.”

SEGUNDO.-A Modificación da Ordenanza Fiscal núm.9 Reguladora da Taxa pola UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VÓ DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL, introducindo as Disposicións Adicionais Primeira e Segunda, sendo o seu contido literal o seguinte:

a)DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia.

O Alcalde-sa será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.”

b)DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- Establecer a exención da Taxa polo aproveitamento de vías e terreos de uso público mediante a ocupación con terrazas con fins lucrativos por parte dos establecementos hostaleiros dende o inicio da declaración do Estado de Alarma e ata decembro do 2021.

Lourenzá, 13 de xullo do 2020.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 1524

Anuncio

ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XUÑO 2020 EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 6 de xullo de 2020, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Xuño de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil doce euros con sesenta e dous céntimos de euro (3.012,62€) , dos que dous mil catrocentos quince euros con doce céntimos de euro (2.415,12€) correspondente a dependencia , e cincocentos noventa e sete euros con cincuenta céntimos de euro (597,50€) son de libre concorrência. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación. Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. AlcaldesaPresidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno. ANUNCIO DE COBRANZA Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederá a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria. A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 6 de xullo de 2020.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 1526

LUGO

Anuncio

En cumprimento do establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, faise pública a normativa da Modificación puntual do PXOM de Lugo, relativa á delimitación do núcleo rural Carrigueiros-Ribicas da parroquia do Burgo e da súa área de expansión, aprobada definitivamente polo Excmo. Concello Pleno en sesión celebrada con data do 28-03-19 (publicado no DOG nº 123 de data do 23-06-2020), que na súa parte dispositiva literalmente estableceu:

“PRIMEIRO.- Aprobar DEFINITIVAMENTE, en virtude do establecido no artigo 61 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 146 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento (RLSG), de conformidade co informe favorable da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data do 5-2-19, rexistrado de entrada neste Concello con data do 7-2-19, a modificación puntual do PXOM de Lugo, relativa á delimitación do núcleo rural Carrigueiros-Ribicas da parroquia do Burgo e da súa área de expansión, contida na documentación técnica elaborada pola Arquitecta Municipal dona Susana Penedo obxecto do devandito informe da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Todo iso en execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nº 128/2015, de data do 26-02-15, e dos seus autos de datas do 18-3-15, 29-03-17 e 23-05-17, pola que se estimou parcialmente o recurso contencioso-administrativo nº 4249/2012, interposto por D. Alejandro Alcalde Paz, contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), do 29-04-11, sobre aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

SEGUNDO.- Proceder, segundo o disposto nos artigos 82 e 88 da LSG e nos artigos 199 e 209 do RLSG, á:

- Publicación do acordo de aprobación definitiva no DOG, no prazo dun mes desde a súa adopción. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ó enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro desta modificación puntual do PXOM á disposición do público.

- Remisión dun exemplar desta modificación puntual do PXOM en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Sendo esta inscrición requisito de eficacia deste acordo de aprobación definitiva.

- Publicación no BOP do documento que conteña a normativa e ordenanzas.

TERCEIRO.- Notificarlle este acordo ó TSXG coa devandita documentación técnica, para o seu coñecemento e oportunos efectos.

O contido íntegro do documento aprobado poderá consultarse no seguinte enderezo electrónico:

- <http://concellodelugo.gal/gl/actuacions/normativa-urbanistica>”

Así mesmo, o Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o día 28-11-19, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- No seno do incidente de EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (TSXG) Nº 128/2015, DO 26-02-15, RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 4249/2012, INTERPOSTO POR D. ALEJANDRO ALCALDE PAZ, CONTRA A ORDE DO 29-4-2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA PARCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO, cómpre clarexar que, nos informes municipais (informe da Arquitecta municipal de data do 27-2-18) e autonómicos (informe da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data do 5-2-19), emitidos en relación coa aprobación definitiva polo acordo plenario 1/39, do 28 de marzo de 2019, da modificación puntual do PXOM de Lugo, relativa á delimitación do núcleo rural Carrigueiros-Ribicas da parroquia do Burgo e da súa área de expansión, todas as referencias á páxina 91 do Tomo I do PXOM correspondente á “MEMORIA”, deben entenderse referidas á súa páxina 93.

SEGUNDO.- Significar que o devandito erro material de transcripción non se produxo na documentación técnica que foi obxecto de aprobación definitiva da presente modificación puntual do PXOM, acordada polo devandito acordo plenario 1/39, do 28 de marzo de 2019, obrando na mesma, correctamente, a páxina 93 do Tomo I do PXOM correspondente á “MEMORIA”.

TERCEIRO.- Notificarlle este acordo ao TSXG, para o seu coñecemento e oportunos efectos.

Segundo consta no expediente administrativo a devandita modificación puntual do PXOM foi obxecto de inscrición, con data do 3-07-2020, no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

SUELO URBANIZABLE RESIDENCIAL	DELIMITADO	PARROQUIAS	DEMANDA Q medio	DEMANDA Q medio	DEMANDA Q punta
SECTOR	S sector ⁽¹⁾	Nº viv. ⁽²⁾	m3/día	l/seg	l/seg
Bocamaos S-1.R (A)	156.273	144	129,96	1,50	2,89
Bocamaos S-1.R (B)	85.168	63	56,29	0,65	1,25
Bosende S-1.R	425.364	381	343,09	3,97	7,62

Fixós S-1.R.D	106.685	52	46,57	0,54	1,03
Fixós S-2.R.D	339.322	165	148,11	1,71	3,29
Pedreda S-1.R	102.780	78	70,23	0,81	1,56
San Lázaro S-1.R	131.852	112	100,84	1,17	2,24
San Lázaro S-2.R	110.195	176	158,79	1,84	3,53
TOTAL SUZD PARROQUIAS	1.457.639	1.171	1.053,89	12,20	23,42

SUELO URBANIZABLE RESIDENCIAL	ESPECIAL	PARROQUIAS	DEMANDA Q medio	DEMANDA Q medio	DEMANDA Q punta
SECTOR	S sector ⁽¹⁾	Nº viv. ⁽²⁾	m3/día	l/seg	l/seg
Alta S-1.R	209.357	63	56,53	0,65	1,26
Alto S-1.R	99.737	30	26,93	0,31	0,60
Benade S-1.R	27.011	8	7,29	0,08	0,16
Carballido S-1.R	840.871	168	151,36	1,75	3,36
Carballido S-2.R	165.348	50	44,64	0,52	0,99
Esperante S-1.R	92.778	28	25,05	0,29	0,56
Muxa S-1.R	25.468	20	18,34	0,21	0,41
Tirimol S-1.R	231.371	69	62,47	0,72	1,39
Tirimol S-2.R	91.719	28	24,76	0,29	0,55
TOTAL SUZE	1.783.660	464	417,37	4,83	9,27

SUELO DE NÚCLEO RURAL			DEMANDA Q medio	DEMANDA Q medio	DEMANDA Q punta
	SUP	Nº viv.	m3/día	l/seg	l/seg
Núcleo rural	13.331.453	3.420	3.078,44	35,63	68,41
Área de expansión	15.220.734	5.790	5.211,13	60,31	115,80
TOTAL NÚCLEO RURAL		9.210	8.288,67	95,93	184,19

SUELO URBANIZABLE NO DELIMITADO RESIDENCIAL			DEMANDA Q medio	DEMANDA Q medio	DEMANDA Q punta
Ámbito	S sector ⁽¹⁾	Nº viv. ⁽²⁾	m3/día	l/seg	l/seg
SUZND-1.R	356.748	713	642,15	7,43	14,27
SUZND-2.R	544.121	1.088	979,42	11,34	21,76
SUZND-3.R	186.053	372	334,90	3,88	7,44
SUZND-3.R	304.009	608	547,22	6,33	12,16
SUZND-3.R	573.228	1.144	1.029,72	11,92	22,88
SUZND-3.R	563.100	863	777,02	8,99	17,27
SUZND-4.R	297.328	408	367,15	4,25	8,16
TOTAL SUZND	2.824.587	5.197	4.677,57	54,14	103,95

SECTORES RESIDENCIALES	HABITANTES	RU kg/día Sector*
SUZ DELIMITADO PARROQUIAS	2.817	3.323,62
SUZ DELIMITADO LUGO	27.184	32.077,12
TOTAL SUZ DELIMITADO	30.001	35.400,84
TOTAL ÁREA EXPANSIÓN NÚCLEO RURAL	16.311	19.246,98
TOTAL URBANIZABLE EN DESARROLLO	10.400	12.272,19
TOTAL SECTORES RESIDENCIALES	56.712	66.920,16

*Datos básicos: 1,18 kg/hab/día, generación media para municipio de Lugo (Agenda 21 Local del municipio de Lugo, año 2003).

El suelo urbanizable no delimitado no se ha tenido en cuenta ya que su desarrollo no es previsible a medio plazo al estar condicionado a la consolidación del suelo urbano y a las necesidades reales.

Aproximadamente el incremento de la totalidad de sectores residenciales a desarrollar supone 66,73 Tm/día de RU. Según el volumen estimado para los nuevos desarrollos, al año se generarían 24.019 Tm de RU en los nuevos desarrollos residenciales previstos, lo que implica un incremento aproximado del 60% en relación con la situación actual. Ahora bien, esto es en el máximo de desarrollo y en un plazo de alrededor de 20 - 30 años.

Esta afección se produce en el ámbito local y regional, ya que la gestión de residuos se realiza en la actualidad a escala local en una primera fase y posteriormente en el ámbito de toda la comunidad gallega. Las infraestructuras o servicios que se verán afectados son:

- El municipio de Lugo es el primer gestor de RU, haciéndose cargo de las primeras fases de su gestión, la recogida de residuos en el municipio de Lugo es realizada por la empresa Urbaser, S.A.
- Sociedad Gallega de Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA).
- Ecoplanta de Lugo (Estación de transferencia de O Ceao).
- Complejo Medioambiental proyectado
- Puntos Limpios.
- Planta de Reciclaje de Residuos de Construcción y Demolición.
- Vertedero de RCDs.

Estas infraestructuras y servicios, con los desarrollos previstos, se verán encaminadas a su agotamiento y saturación, por lo tanto, este aspecto debe ser abordado en los Planes y Directrices relativas a la gestión de residuos de ámbito local y autonómico.

En las distintas fases de ejecución del Plan, se deberán tener en cuenta todas las medidas encaminadas a minimizar los residuos y a realizar una correcta gestión, como: reutilización al máximo de los materiales obtenidos en la remoción de los terrenos, separar los distintos materiales en origen, con objeto de facilitar su reciclaje o reutilización, actuar en lo relativo a los residuos especiales (tóxicos o peligrosos) según lo previsto en la legislación al respecto, etc.

17.5.10 Medidas relacionadas con la gestión de residuos y su minimización

La **recogida selectiva** está implantada en el Municipio de Lugo desde 1996. Los nuevos desarrollos deberán estar dotados de infraestructuras de recogida selectiva (contenedores amarillos, verdes, azules y grises) de forma que sea de fácil utilización para los ciudadanos (en cantidad y a distancias cortas de los domicilios) de manera que se favorezca la separación en origen.

- En suelo urbano no consolidado con ordenación pormenorizada, se ha calculado aplicando los índices de edificabilidad de la ordenanza sobre la manzana edificable, y dividiendo la edificabilidad destinada a uso residencial en cada una de las clases de vivienda que se fijan en la ficha del polígono de actuación, entre 100 m² cuando se ha tratado de vivienda sometidas a algún régimen de protección y 120 m² en caso de viviendas de precio libre.
- En suelo de núcleo rural se ha calculado superficiando el suelo vacante y dividiéndolo entre la parcela mínima establecida; al comparar la densidad con la característica de los núcleos se ha comprobado que esta es menor, así como que la morfología de las manzanas nunca permite la división en parcelas uniformes de superficie mínima, lo que por otra parte supondría una transformación del núcleo que no sería deseable, por lo que se ha aplicado un coeficiente reductor de 3/4.
- En suelo urbanizable el criterio del Ayuntamiento ha sido no establecer densidades de viviendas en los sectores del entorno de Lugo; no obstante el Plan General establece para cada sector parámetros de diversidad de usos y de reserva de vivienda protegida, que se han aplicado considerando una superficie para vivienda colectiva protegida de 100 m² y de 120 m² para vivienda colectiva libre, en general inferiores a los tamaños medios de vivienda del parque residencial de la ciudad de Lugo.
- El suelo urbanizable de las parroquias es diferente, ya que en general recoge parcelaciones existentes de segunda residencia o su destino es albergar la segunda residencia que tradicionalmente se desarrollaba en el suelo no urbanizable del municipio; casi todos los sectores delimitados está previsto que se desarrollen con vivienda unifamiliar, por lo que se ha considerado una superficie media de 125 m².
- En el cómputo de la capacidad residencial no se ha considerado el suelo urbanizable no delimitado ya que no tiene programación temporal para su transformación.
- Se han tenido en cuenta las áreas de expansión de los núcleos rurales, considerando tanto las condiciones establecidas para la ordenación desde el Plan General como las condiciones geométricas del ámbito.

Con estos criterios la previsión de nuevas viviendas contenida en el Plan General sería:

Nuevas viviendas			Nº de viviendas
Suelo urbano consolidado	Ordenanza directa		970
Suelo urbano no consolidado	PA		4.377
	PERI		1.024
	UA-PG-91		1.040
Total SU			7.411
Suelo urbanizable delimitado	Sectores Lugo		9.640
	Sectores Parroquias		878
	Sectores DTª13		121
Total SUZD			10.639
Suelo núcleo rural	Núcleo rural		3.420
	Área de expansión		5.785
Total SNR			9.205
TOTAL			27.255

El número de viviendas excede en un 6,027 % al resultante de la demanda estimada. Esta diferencia es admisible si consideramos por una parte que esta previsión incluye tanto el suelo

• EL PLAN EN CIFRAS

En este apartado se incluyen los datos numéricos más relevantes que derivan de las determinaciones urbanísticas del Plan General. Se recogen los datos numéricos, sin justificación de magnitudes ni conceptos, pues éstos ya están explicados en el resto de documentos del Plan General.

CLASIFICACIÓN DEL SUELO

Clase y categoría	Calificación	Superficie ⁽¹⁾ (m ²)	TOTAL (m ²)	%
Suelo urbano consolidado		9.706.015		
Suelo urbano no consolidado (PA)	Residencial	755.615		
	Actividades económicas	132.970		
Suelo urbano no consolidado (PERI)	Residencial	655.065		
	Equipamiento privado	44.307		
Total Suelo urbano				
Suelo urbanizable delimitado UZPI-R	Residencial	1.094.396		
Suelo urbanizable delimitado UZPI-AE	Industrial	2.239.959		
Suelo urbanizable delimitado Lugo	Residencial	3.019.881		
	Actividades económicas	1.837.640		
	Equipamiento privado	324.903		
Suelo urbanizable delimitado Parroquias	Residencial	1.457.639		
	Residencial DT13ª	1.783.660		
	Actividades económicas	1.054.084		
Total Suelo urbanizable delimitado				
Suelo urbanizable no delimitado	Residencial	3.287.535		
	Actividades económicas	164.909		
Total suelo urbanizable no delimitado			3.452.444	1,05
Suelo de núcleo rural	Núcleo rural	13.331.453		
	Área expansión	15.220.734		
Total suelo de núcleo rural			28.552.577	8,66
Suelo rústico			273.668.845	82,99
TOTAL MUNICIPIO			329.780.000	100,00

⁽¹⁾Incluidos sistemas generales adscrito"

Lugo, 10 de xullo de 2020.- A ALCALDESA, P.D. O Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible, (Decreto número 19005695) Miguel Ángel Couto Alonso.

R. 1525